

Deádego da Montaña

Desaparecida división da diocese de Mondoñedo. A súa denominación máis frecuente foi a de deádego da Montaña, se ben algunhas veces figura como arciprestado de Aguiar. Comprendía unhas quince parroquias, localizadas todas elas na Terra Chá, a maioría pertencentes ó actual concello de Castro de Rei; mais reunía asemade algunhas freguesías dos municipios de Castroverde, Outeiro de Rei, Cospeito e Pol.

Constituída como demarcación na Idade Media, ó igual que o deádego da Mariña, esta circunscrición dependía do deán da catedral de Mondoñedo e, coma aquela, conservou o seu nome despois de 1855, cando a diocese ordena o seu territorio en arciprestados.